Consumos uso non doméstico:	**Compoñente variable**
Asimilable a doméstico	0,28 € / m^3
Non doméstico	0,35 € / m^3
	Compoñente fixa
Usuarios domésticos:	0,50 € / mes
Usuarios non domésticos:	0,50 € / mes

Será de aplicación a estas tarifas a refacturación por avaría coa finalidade de corrixir unha facturación excesiva por un consumo anómalo ou desproporcionado de auga doméstica, motivada por avaría na rede interior da vivenda, nos termos establecidos pola Xunta de Galicia.

A estes efectos, entenderase por uso doméstico, non doméstico e asimilable a doméstico, o definido para tales conceptos polo artigo 2 da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

4. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servicios do apartado 1.c) do artigo 2º, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil dende o que se realice o vertido, aplicándoselle a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

A tal efecto, o suxeito pasivo deberá presentar a documentación pertinente relativa ó volume do vertido no momento de solicitar a licencia.

Artigo 6º. - Beneficios fiscais.

A. Aplicarase unha bonificación do 100% sobre ó mínimo facturable na tarifa recollida no apartado 2.1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servicios sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas na alínea 2.1 do artigo 5º.

B. Aplicarase unha bonificación do 100% na taxa regulada na tarifa recollida no apartado 2.2 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal, ás unidades de convivencia que acrediten atoparse en situación de exclusión social, entendendo por tal a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre eles un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

Os requisitos que deben cumprir as unidades de convivencia para ter a condición de estar en risco de exclusión social serán as seguintes:

1. Enderezo para o cal se solicita a exención debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade de convivencia.
2. Titular do contrato de subministración de auga potable deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que é o pagador do recibo da taxa da auga.
3. Os ingresos totais da unidade de convivencia non poden superar o importe do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).
4. Polo menos unha das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social, por estar nalgunha das situacións que se enumeran a continuación:

    a) Persoas perceptoras da renda de integración social.
    b) Persoas perceptoras de pensións non contributivas nas modalidades de invalidez ou xubilación.
    c) Persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan una ausencia ou déficit grave de recursos económicos unido a unha situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo remunerado e que conten con outros factores, evidenciados a través da súa traxectoria persoal, que agraven a situación de exclusión social ou o risco de padecela, recoñecidos na lexislación vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

C. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa regulada na tarifa recollida no apartado 2.2 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, non concedéndose respecto das restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A bonificación na cota aplicarase sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) O enderezo para o cal se solicita a dedución debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade familiar.
b) O titular do contrato de subministración de auga potable debe coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que ten domiciliado o pagamento do recibo da taxa de auga nalgunha conta bancaria da que sexa titular."

D. O recoñecemento das bonificacións contidas nos parágrafos B e C realizarase por resolución do órgano municipal competente á vista dos recoñecementos das mesmas polo organismo autonómico competente na cota íntegra do canon do auga ó abeiro do disposto no Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon do auga e do coeficiente de verteduras a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

(…..)

Terceiro: Proceder á publicación do acordo definitivo do texto íntegro da Ordenanza Fiscal que é obxecto agora de aprobación definitiva, no *Boletín Oficial da Provincia* para os efectos da súa entrada en vigor, sen que caiba contra el outro recurso que o contencioso-administrativo que se poderá interpoñer a partir da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición, tal e como establece o artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei reguladora das facendas locais."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de maio de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, lembra que en outubro de 2016 aprobaron inicialmente a ordenanza reguladora das taxas de depuración. O 19 de decembro de 2016 presentouse por parte de Edar Bens unha alegación, e iso é o que traen aquí, a contestación a esa alegación.

Os informes técnicos din que non ha lugar nesta ordenanza a aplicar a proposta que fai Edar Bens, polo tanto, o primeiro que propoñen é rexeitar a alegación presentada, iso segundo os informes técnicos e, en consecuencia, aprobar a ordenanza para a súa entrada en vigor. Aprobar definitivamente a ordenanza.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que el vai pedir que se retire este punto da orde do día, porque aínda que el non estivo presente nas comisións informativas, nesas comisións traíase un punto, que foi o que se ditaminou, titulado "Resolución de alegación presentada pola sociedade Edar Bens contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros".

Segundo se desprende da certificación da secretaria, nela dise que certifica que na sesión ordinaria conxunta das comisións informativas permanentes do 18 de maio, a Comisión de Economía e Facenda ditaminou o punto 5, Resolución de alegación presentada pola sociedade Edar Bens contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros.

Pregunta cal é esa resolución, porque eles non teñen a resolución. Pregunta cal é a contestación que se lle deu á alegación presentada por Edar Bens. Eles non saben cal é esa contestación.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Ademais diso, agora engádese un punto, que tacitamente viña recollido, e proponse ao pleno a aprobación definitiva da modificación da ordenanza. Que viña implícito, pero a eles gustaríalles saber cal foi esa contestación que se lle deu a Edar Bens, á alegación presentada por esa sociedade, da cal lembra, o Concello de Cambre é socio co 7%.

Conclúe dicindo que por iso piden que se retire o punto da orde do día e se deixe para o vindeiro pleno.

Concedida a palabra a dona Mª Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles neste punto vanse abster, exactamente igual que fixeron en outubro do 2016 en canto á aprobación da ordenanza.

Tamén dende o seu punto de vista, a retirada que solicita o PP non é necesaria, dende o seu punto de vista, aínda que si é certo que entenden que debería ter tido este punto outro tratamento formal diferente. É algo que xa discutiron na comisión informativa, non sabe se finalmente se debería ter presentado por separado a alegación de Edar Bens e non incluír a aprobación definitiva e automática no enunciado do asunto da orde do día. Non o sabe.

Pero en definitiva non lle dá maior importancia porque os efectos van ser os mesmos, é dicir, se desestiman a criterio dos técnicos a alegación de Edar Bens, eles apoian esa desestimación, e coa súa abstención permiten que saia adiante este punto da orde do día e, polo tanto, que a ordenanza se aprobe definitivamente.

Concedida a palabra a dona Mª José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo están de acordo co informe emitido por Intervención, polos motivos que se expoñen para non considerar adecuado incluír a alegación de Edar Bens respecto do artigo que regula a cota tributaria.

Non obstante, iso si, e aínda estando de acordo nese tema, que é o que realmente están tratando, non poden obviar que o voto a prol levaría consigo a reafirmación da dita ordenanza, e que non variaría o texto no que se refire ao apartado 2.1, no parágrafo no que se fai referencia aos casos de avarías internas, iso quedaría igual. Polo tanto, vanse abster novamente, igual que fixeron en outubro de 2016, porque como xa lles ten dito, aínda estando a prol do acordo no seu punto número 1, non o están na totalidade do punto número 2.

Son conscientes do labor de Edar Bens, e saben que necesitan un equilibrio económico, debido a que esa sociedade está obrigada a repercutir os custos na prestación de servizos aos concellos que a compoñen, pero para eles primeiro está o informe de Intervención e, como xa dixo, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que parece bastante claro que tanto ACdC como Ciudadanos entenderon onde están os motivos da proposta de desestimación. De todas formas, a resposta a esas cuestións está no informe de Intervención, a partir de onde di que a alegación propón a inclusión do citado parágrafo no artigo 5º da ordenanza. Non o vai ler todo, porque son catro ou cinco parágrafos, pero aí é onde está a contestación á alegación, e parece que todos teñen claro cal é a contestación á alegación. Polo tanto, iso non ten discusión.

En canto á exposición de Ciudadanos, efectivamente, o que se aproba é exactamente o mesmo texto que se aprobou inicialmente, porque aquí o que se trata é de discutir a alegación que se presentou, niso parece que están de acordo, e se houbese un ánimo de voto positivo, o que se aprobaría é a redacción da aprobación inicial.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Enténdese que se alguén non ten aprobado na votación da aprobación inicial algún aspecto da ordenanza, ese voto quedaría singularizado na votación inicial, e seguiría sendo o mesmo voto. O voto que se puidese emitir hoxe non desviaría ou invalidaría o voto da aprobación inicial, o voto da aprobación inicial sobre a ordenanza sería o mesmo, dado que a redacción é exactamente a mesma e dado que aquí o que se discute é o artigo 5º, non todo o resto do articulado, polo tanto, queda bastante clara a exposición. A posición do grupo quedaría igual. Se Ciudadanos ten votado en contra doutro artigo na aprobación inicial, seguiría votando hoxe en contra diso, e o que votaría é o artigo 5º en canto á desestimación da alegación.

O que pasa é que a desestimación da alegación, neste caso, leva consigo implicitamente a aprobación definitiva da ordenanza. Hai que dicilo, para que todo o mundo o saiba, que a partir de aquí hai que publicalo e é definitivo. Esa é a cuestión que se fai nestes termos.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que agora tense que tachar de parvo a el mesmo, porque sinceramente, non entende por que non se lle comunica a desestimación a Edar Bens, non o entende. Tampouco sabe por que Cambre é un concello tan atípico, cando os demais concellos que son socios, como Oleiros, Culleredo, A Coruña e Arteixo, socios na Edar Bens, teñen as súas ordenanzas fiscais definitivamente aprobadas dende os meses de setembro e decembro.

A el gustaríalle que alguén lle explicara cales son as obxeccións ou por que non se lle contesta á alegación que presenta Edar Bens. Non o entende, sinceramente o di, con toda a sinceridade.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que a alegación de Edar Bens, e os termos tenos usado o Sr. Rivas, eles non, a alegación da Edar queda contestada no informe de Intervención. Iso é claro, gústelles ou non lles guste o informe de Intervención.

Insiste, a contestación á alegación de Edar Bens queda contestada cando no informe se di "A alegación propón a inclusión ....." e queda contestada ata o parágrafo último, onde se di "As tarifas contidas no apartado 2.2....". Aí se define a contestación á alegación. Se entenda ou non, queda contestada.

A segunda cuestión é por que non se lle transmite isto a Edar Bens. Pois porque a Edar Bens váiselle contestar, evidentemente, co resultado da votación de hoxe, non se lle pode contestar antes, non ten sentido. Unha vez voten, diráselle a Edar Bens que se ten rexeitado a súa alegación, antes non se pode contestar porque non pode oficializarse.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que non lle poden contestar a Edar Bens algo que non se ten votado aquí aínda. Precisamente o que traen a pleno é a proposta de desestimar esa alegación. Unha vez que se vote e que se desestime, por suposto que se lle contestará a Edar Bens, pero por ese orde. Non poden contestarlle antes de desestimala.

Continúa dicindo que en canto ao motivo de por que se desestima, está claramente no informe de Intervención. Como dicía o Sr. González Leirós poderá gustarlles máis ou menos politicamente ese informe, pero é o que teñen, e o Goberno baséase nel para votar a desestimación, como xa fixeron nas comisión e volverán facer agora.

É así de sinxelo. Non contestan a Edar Bens mentres non se vote neste pleno, e unha vez se vote no pleno, o que se vote será o que se contestará a Edar Bens. E por que se desestima, pois polo informe de Intervención. O Sr. Rivas non estivo nas comisións, igual non o leu, non o sabe, pero precisamente falaron deste tema. Se o len, claramente poden ver que o interventor no seu informe fai unha clara referencia ao porqué se debe desestimar a alegación.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad pregunta cales son as implicacións desa desestimación. Pregunta se inflúe na taxa, se inflúe no IVE da taxa. É o que quixera entender, porque sinxelamente non o entende.

Concedida a palabra ao señor interventor explica que aquí hai dúas cousas, a pregunta ten dúas partes. A primeira, por que se desestima, e a segunda as implicacións que ten a desestimación. A razón de por que se desestima é clara, porque a Edar quere incluír na ordenanza fiscal un elemento que non pode estar nunha ordenanza fiscal. O modelo de xestión non é un elemento que a Lei de facendas locais permita dentro da normativa fiscal, é independente.

En segundo lugar, o tema do IVE. O tema do IVE é un tema do que sería mellor falar nunha comisión que aquí no pleno, polo tema das complexidades que pode levar consigo cobrar ou non cobrar o IVE nunha taxa. Aquí habería varias discusións. Se Edar Bens actúa como medio propio, ou se actúa como unha sociedade mercantil independente que teñen contratada, casos nos que habería un diferente trato respecto de se poden repercutir o IVE ou non.

Despois de estudalo moito, e falalo cos demais concellos, todos os interventores están buscando unha posición común respecto deste tema, porque non é pacífico. Cre que o comentou o xerente na reunión que tiveron o outro día, que tiveron un problema coa inspección do IVE, tiveron que presentar moita documentación, e nin eles o tiñan claro ao final, ata que lles deron a razón, pero iso non implica que eles poidan repercutir o IVE aos cidadáns.

En Cambre, neste caso, o modelo polo que están optando a día de hoxe é polo de cobrar simplemente a taxa. A única taxa que pode ir recargada a día de hoxe, así o di a normativa, é a da auga. Ou o caso do saneamento se fora todo o ciclo da auga e estivera nas mans do concello. Aí si que deixarían que todo fora con IVE.

E no caso de que o saneamento se dea por unha empresa privada, en principio o artigo 7 da Lei do IVE exclúe cobrar o IVE aos particulares. Outra cousa é que como ao concello lle está prestando un servizo Edar Bens, eles facturen ao concello con IVE, que é distinto, pero o concello ese IVE non o podería repercutir.

Non sabe se se está explicando con corrección, pero aquí hai dous conceptos. O IVE que lle factura Edar Bens ao concello, e saber se o concello ese IVE pode repercutilo aos cidadáns como cobradores intermedios que son. Por exemplo, o concello xira os recibos a través de Augaservi aos cidadáns, para o cobro da taxa de depuración, e ese cobro non ten que ir con IVE, evidentemente está excluído da Lei do IVE.

Outra cousa é que Edar Bens lles facture con IVE. Aí teñen certas dúbidas, hai unha discrepancia, pero pediron varios informes para resolvela.

En canto a establecer o modelo, a forma de prestación do servizo na ordenanza, iso non tería sentido, e non ha lugar. Iso é o que informan tanto a técnica de Intervención, como el mesmo, que entenden o mesmo neste caso, que esa alegación non ha lugar. É un elemento que non ten sentido que estea. Por exemplo, na taxa do lixo non tería sentido recoller se a prestan con medios propios ou se a prestan cunha empresa. Iso non ten que estar na ordenanza fiscal.

Unha ordenanza fiscal ten que regular os elementos que di a lei, o suxeito pasivo, a cota tributaria, o devengo, etc., con independencia de se o concello contrata cunha empresa, o fai con medios propios, cunha empresa pública ou cunha empresa mixta. Iso non ten por que estar nunha ordenanza fiscal. É o que eles entenden.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad dille ao señor interventor que o ten entendido perfectamente, tendo en conta que foi durante o mandato do PP cando se adheriron a Edar Bens. O que non acaba de entender é por que hai todas esas discrepancias. Por exemplo o BOP publica a ordenanza fiscal do Concello de Arteixo, na que se di, respecto das tarifas, que se constitúen as seguintes contías que constitúen a base impoñible, que se incrementará, no seu caso, co IVE vixente en cada momento. Esa é a ordenanza fiscal número 9 do Concello de Arteixo, e así están todos. Pero el non vai entrar a discutir eses temas.

Conclúe dicindo que se isto se lle vai contestar a Edar Bens unha vez que voten a resolución da alegación que presentou, e para que o tema e a ordenanza se aprobe no Concello de Cambre e Edar Bens poida cobrar do concello, xa que parece ser que neste momento téñenlle retido os pagos, ou polo menos iso di a prensa, o seu grupo vaise abster neste punto.

O señor alcalde pregunta ao voceiro popular se mantén a súa proposta inicial de retirar o punto da orde do día.

Don Manuel Rivas Caridad contesta que pola súa parte solicitou dende o primeiro momento retirar o asunto da orde do día e traelo ao próximo pleno con maior documentación, e segue a mantelo, agora ben, se hai que votalo, o PP absterase.

O señor alcalde expón que como queren cumprir rigorosamente co Regulamento orgánico municipal, segundo o artigo 109 van votar se deixan ou non sobre a mesa o asunto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que simplemente para xustificar a súa votación en contra de deixar esta cuestión enriba da mesa para outro pleno, quere dicir que o BNG estaría disposto a acceder a esa petición sempre e cando se lles formulara previamente ao pleno. É algo moi repetitivo xa por parte do PP chegar os últimos xoves de mes ao pleno municipal a dicir que os asuntos queden, por diversos motivos, enriba da mesa para o seguinte pleno.

Insiste, se iso volve pasar nun futuro, con total cordialidade e amabilidade, o BNG está disposto a estudalo, pero pide que se lles diga antes, que non lles pidan pronunciarse sempre de maneira inmediata no pleno, de cara a unha vistosidade e a unha teatralidade para a sesión plenaria.

Toma a palabra o señor alcalde para explicar que por suposto non van votar a prol de deixalo sobre a mesa, van votar en contra, pero como establece o artigo 109 do ROM, van votar.

De acordo co disposto no artigo 109.1 do Regulamento orgánico municipal, sométese a votación ordinaria a petición do voceiro do grupo municipal do PP de deixar o asunto sobre a mesa. Votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe). Votan en contra os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona Mª Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos en contra, rexeitou a proposta de deixar o asunto enriba da mesa.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona Mª Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.5. Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza fiscal núm. 15 reguladora da taxa por subministración de auga

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de maio de 2017, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de maio de 2017, coa modificación do apartado a), do artigo 5.2, relativo ao importe das bonificacións, no que se inclúe a referencia aos pagadores das pólizas, sométese a debate e votación a proposta ditaminada tal e como se transcribe a continuación:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2017 e seguintes a modificación dos artigos 3 e 5 da ordenanza fiscal nº 15 reguladora da Taxa por subministración de auga, coa seguinte redacción:

Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da Taxa por subministración de auga

(…)

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que se beneficien dos servizos ou actividades que constitúen o feito impoñible da taxa.

2. Cando a subministración de auga beneficie ou afecte aos ocupantes de vivendas ou locais, terán a condición de substitutos do contribuínte, segundo o establecido no artigo 23.2.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, os propietarios de ditos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

A titularidade do servizo, é dicir, a póliza de abono, será sempre a nome do propietario da vivenda, local ou industria, independentemente de que o recibo poida ser abonado polo inquilino ou arrendatario ou ocupante das mesmas, figurando como pagador.

3. Nos casos nos que se soliciten os servizos para a execución de obras, o suxeito pasivo será o promotor ou, no seu caso, o constructor, sempre que se acredite que a obra dispón da preceptiva licenza para a súa realización.

Artigo 5º. - Beneficios fiscais.

1.- Aplicarase unha bonificación do 100% sobre ó mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes, titulares ou pagadores das pólizas de abono, cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servicios

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

sociais do Concello de Cambre ao respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 dos epígrafes 1.A, 1.B ou 1.C, do artigo seguinte, segundo corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma.

2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular ou pagador da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de titular de familia numerosa e sempre que todos os membros estean empadroados na mesma vivenda.

O beneficiario da bonificación terá que ser titular ou pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación. O número de fillos acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.

A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma.

O importe das bonificacións será o seguinte:

a) Os titulares ou pagadores de pólizas de vivendas habitadas por menos de oito persoas, desfrutarán dunha bonificación no prezo dos m3 consumidos no trimestre que superen os 30. Así, nestes casos aplicarase a tarifa 1.B e non a tarifa xeral.

b) Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, desfrutarán dunha bonificación no prezo dos m3 consumidos no trimestre que superen os 30. Nestes casos será de aplicación a tarifa 1.C e non a tarifa xeral.

3. Durante o primeiro trimestre de cada ano, o Concello comprobará que os beneficiarios destas bonificacións seguen a reunir os requisitos necesarios para o desfrute das mesma. Para o cal os beneficiarios deberán presentar, antes do 28 de febreiro, ante o concello, a documentación acreditativa daqueles extremos tanto da súa situación familiar e de convivencia, como económica a 1 de xaneiro do ano en curso, que ocasionaron a súa concesión. De non aportar a xustificación necesaria nese termo, procederase a revocar a bonificación concedida con efectos 1 de xaneiro dese mesmo ano.

Segundo: A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada."

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro de UxC, explica que coa modificación desta ordenanza o que se trata é de aclarar quen é o titular da póliza da auga e quen é o pagador. Queren aclarar que o propietario é o titular da póliza e o inquilino o pagador, porque ata o de agora non

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

estaba claro e estábanlle cobrando 30 euros aos inquilinos por transmisións de propiedade ou transmisións de titularidade, que non tiñan por que pagar.

Iso supón unhas modificacións, sobre todo no artigo 5, apartado 2, parágrafo 1, que é a modificación para cando sexan familias numerosas. Os que poden beneficiarse desa bonificación son tamén os inquilinos, e evidentemente os pagadores. E no parágrafo 2, que é unha proposta que fixo o PP, que estaba mal, incluír tamén nese parágrafo 2 ao titular como beneficiario das bonificacións.

Concedida a palabra a dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que, polo tanto, tal e como sinalaban nas comisións, entenden que no punto 2 do artigo 5, no apartado a), sería os titulares de pólizas e pagadores.

Pois ben, simplemente dicir que é unha mellora que lles parece necesaria, en base á seguridade xurídica dos cidadáns. Evitan, ademais, o pago deses 30 euros que había de penalización, e agora todo o mundo pode ter claro quen é o pagador, que é o titular da póliza de abono como substituto do contribuínte, e quen é o beneficiario. Polo tanto, o voto do seu grupo nesta cuestión será favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona Mª Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.6. Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 767/2017, do 5 de maio, de aprobación de proxectos incluídos no Plan de cooperación ás obras e servizos municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017

Vista a proposta de Alcaldía do día 11 de maio de 2017 que consta do seguinte teor literal:

«Vista a Resolución da Alcaldía núm. 767/2017, do 5 de maio, que consta do seguinte teor literal:

"Logo de ver que polo Pleno desta Corporación na súa sesión extraordinaria e urxente do día 16 de febreiro de 2017, aprobouse o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos municipal, no que se incluíron os proxectos que se indican a continuación:

- *Ampliación e reforma do parque infantil Oeste da Barcala*
- *Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala.*
- *Saneamento na parroquia de O Graxal e outros.*
- *Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Constitución, parque Francisco Rodríguez e outros (O Graxal).*
- *Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros.*
- *Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo).*
- *Casa da cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado Febreiro 2017. Fase I"*
- *Ampliación e reforma do parque infantil da Praza Manuel Lugrís, O Temple.*

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Reordenación dos estacionamentos na rúa Río Sil, A Barcala*
- *Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple.*

Logo de ver que con data 4 de abril de 2017, recibíronse requirimentos da Excma. Deputación Provincial da Coruña, relativos á necesidade de corrixir algúns aspectos dos proxectos denominados "Casa da cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado Febreiro 2017. Fase I", "Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Constitución, parque Francisco Rodríguez e outros (O Graxal)", e "Pavimentación nas parroquias de Cambre Bribes e outros", todo elo á vista dos informes emitidos polo servizo de asistencia técnica a municipios.

Logo de ver que unha vez realizadas as correccións oportunas, remitíronse novamente os proxectos á Excma. Deputación Provincial da Coruña, informándose favorablemente polo servizo de asistencia técnica a municipios.

Logo de ver que segundo a resolución de Alcaldía 447 do 18 de marzo de 2016, están delegadas as competencias en materia de contratación á Xunta de Goberno Local pero tendo en conta que desde a Corporación Provincial urxe a aprobación dos proxectos; e tendo en conta que segundo as notificacións recibidas da Excma. Deputación Provincial da Coruña, o concello deberá aprobar os proxectos corrixidos e supervisados favorablemente de xeito que a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, debendo posteriormente subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta Deputación,

Á vista do informe favorable emitido polo Arquitecto Municipal, don José Agustín Barca Cotelo, de data 5 de maio de 2017,

Á vista do informe favorable emitido pola Enxeñeira Técnica de obras Públicas Municipal, de data 5 de maio de 2017,

Á vista do informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial Municipal, de data 5 de maio de 2017,

***Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado "Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Constitución, Parque Francisco Rodríguez e outros (O Graxal)", supervisado polo servizo de asistencia técnica a municipios da Excma. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+ 2017.*

***Segundo**: Aprobar o proxecto denominado "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros", supervisado polo servizo de asistencia técnica a municipios da Excma. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+ 2017.*

***Terceiro**: Aprobar o proxecto denominado "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto Básico e de execución. Modificado Febreiro 2017. Fase I", supervisado polo servizo de asistencia técnica a municipios da Excma. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+ 2017.*

***Cuarto**: Dar conta ao Pleno Municipal na seguinte sesión que se celebre aos efectos da súa ratificación."*

Tendo en conta que segundo o disposto na Base 5.A.- Documentación xeral e no Anexo I das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 226, do 29 de novembro de 2016, corresponde ao Pleno municipal aprobar os proxectos das obras incluídos na citada convocatoria.

Tendo en conta que nos requirimentos remitidos a este concello pola Deputación Provincial da Coruña, unha vez informados favorablemente os proxectos, establécese expresamente que:

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

"Polo tanto, O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIXIDO E SUPERVISADO FAVORABLEMENTE POLO ÓRGANO COMPETENTE. ***Cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía*** *por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, este decreto deberá posteriormente subirse á plataforma SUBTEL* ***e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais*** *sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación.*

Por todo o anterior, propoño ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 767/2017, do 5 de maio, e, polo tanto:

- Aprobar o proxecto denominado "Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, Parque Francisco Rodríguez, Praza Miguel Ángel Blanco e outras", elaborado polo enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, cun orzamento de execución por contrata de 68.174,90 euros (IVE incluído), supervisado polo servizo de asistencia técnica a municipios da Excma. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+ 2017.

- Aprobar o proxecto denominado "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros", elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento de execución por contrata de 221.951,61 euros (IVE incluído), supervisado polo servizo de asistencia técnica a municipios da Excma. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+ 2017.

- Aprobar o proxecto denominado "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto Básico e de execución. Modificado Febreiro 2017. Fase I", elaborado polo arquitecto don Emilio Cortés Varela, cun orzamento de execución por contrata de 1.799.999,98 euros (IVE incluído), supervisado polo servizo de asistencia técnica a municipios da Excma. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+ 2017.

Segundo: Dar conta á Deputación Provincial da Coruña, para os efectos oportunos.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de maio de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que o que se trae aquí é a aprobación das modificacións que a Deputación lles pediu facer sobre os proxectos entregados no POS+, que xa foron aprobados anteriormente en pleno. En concreto os proxectos de "Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, e outros", "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros", e "Casa da Cultura de Cambre".

Respecto destes proxectos solicitáronlles unhas correccións, remitíronse, a Deputación deu o visto e prace, evidentemente extraoficial, porque o visto e prace definitivo será cando sexa a aprobación. Estas correccións foron valoradas positivamente polos servizos técnicos da Deputación, e non afectan nin á natureza, nin á finalidade dos investimentos a realizar, nin á súa valoración económica, polo tanto a proposta é a de aprobar as modificacións, para remitilas á Deputación e que aprobe definitivamente os proxectos.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vai manter a mesma postura que tiveron cando se votou o POS+, porque consideran que loxicamente ten que saír adiante. Van votar abstención.

Concedida a palabra a dona Mª José García Hidalgo, voceira do GM (C's), expón que, como di a proposta, unha vez que se teñen realizado as correccións oportunas, ao enviar os proxectos á Deputación Provincial, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios informou favorablemente, polo tanto Ciudadanos, aínda que nun primeiro momento se abstivo, aquí consideran que deben votar a prol, dado que cren que esta proposta xa está validada suficientemente. Así pois, van cambiar o seu voto e van votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández)), a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de ACdC-SON (dona Mª Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.7. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2017-2018

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación do día 11 de maio de 2017 que consta do seguinte teor literal:

«O Concello de Cambre ven concedendo dende hai case 25 anos, bolsas de estudo como acción de fomento destinadas a familias con escasos recursos económicos e con fillos en centros escolares, cursando segundo ciclo de Educación Infantil e Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos, en exercicio das competencias e de conformidade co disposto no Regulamento de servicios das corporacións locais.

Dende o Concello de Cambre preténdese conceder axuda económica por medio da convocatoria de bolsas de estudo ás familias do alumnado do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

O alumnado de educación primaria ten axuda da administración educativa para libros de texto e material escolar pero non para uniformidade ou vestiario destinado á escolarización. Por iso, mantense nesta convocatoria a axuda para uniformidade ou vestiario destinado á escolarización para o alumnado de educación primaria pero minorando a cantidade xa que neste caso so se destina para un dos tres conceptos para os que se destina a axuda.

Este ano increméntase o presuposto da convocatoria de bolsas de estudio de xeito que se incrementa o número e a contía de cada unha das bolsas, para así poder chegar a máis xente.

Por todo iso, visto o informe favorable emitido dende o departamento de Educación e vista a providencia da concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación de data once de maio, **proponse ao Pleno municipal** a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar as Bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2017 – 2018, e o formulario de solicitude (anexos I, II, III, IV e V das Bases), así como a súa convocatoria, tal e como se transcribe a seguir:

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2017/2018

PRIMEIRA: **Obxecto:**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización dos nenos e nenas ou necesaria para a formación para o curso 2017/2018, como acción de fomento destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2º ciclo de educación infantil (4º, 5º e 6º EI), educación primaria, bacharelato**,** formación profesional e educación secundaria de adultos (tal e como se especifica na base segunda desta convocatoria).

SEGUNDA: Gastos subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados da compra de libros de texto, material escolar e uniformes escolares segundo o curso ao que lle corresponda:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil**: Libros de texto, material escolar e uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización.
- **Alumnado de Educación Primaria**: uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización.
- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos**: Libros de texto e material escolar.

Non se considerará material escolar para os efectos das presentes bases os gastos de investimentos e a adquisición de aparatos de novas tecnoloxías tales como ordenadores, impresoras, tablets,...

TERCEIRA: Dotación orzamentaria:

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 18.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2017 326 48100 "Becas de estudo e libros educación" no actual orzamento municipal.

CUARTA: Beneficiarios:

1.- Poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

1) Estar empadroado no Concello de Cambre con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda (polo menos o alumno cun dos proxenitores).
2) Estar matriculado nun centro escolar público no curso escolar obxecto da convocatoria, para o curso para o que solicita a bolsa.
3) Convivir co solicitante da bolsa.
4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 9.000,00 euros.
5) Presentar a solicitude da axuda no prazo establecido en modelo normalizado ao efecto, e achegar toda a documentación requirida.
6) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de axudas segundo o disposto no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións.

Quedan excluídos da presente convocatoria os alumnos que cursen educación secundaria obrigatoria e educación especial, durante o curso escolar obxecto da convocatoria.
Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

2.- As axudas poderán ser solicitadas polo representante legal, pai, nai ou titor do alumno ou alumna (que é o beneficiario da axuda).

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

QUINTA: Renda per cápita anual familiar:

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2016, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 392 (base impoñible xeral) e o 405 (base impoñible do aforro) da declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2016, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- Os cónxuxes, parellas de feito, ou os titores legais
- Menores de idade que convivan no mesmo domicilio.
- Solteiros menores de 26 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadroamento.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarase a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción ou libro de familia onde conste tal feito.

No caso de separación legal, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e, si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e fillos a cargo; non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor e onde conste o importe da pensión recibida polo que corresponda en relación a gastos de manutención e/ou outros. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluiranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de nulidade, separación ou divorcio, o perceptor da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

En aplicación do estipulado no artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2016, deberá documentarse o exercicio 2017 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- En caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2017 que aparezan na vida laboral, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

- En caso de desemprego:
  - Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara.
  - Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2017 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

SEXTA: **Solicitudes**:

As solicitudes, formuladas no modelo normalizado, dirixiranse ao Alcalde, podendo presentarse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será do 17 agosto ao 15 de setembro de 2017 do que se informará a través da publicación no Boletín Oficial da Provincia e de publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

SÉTIMA: Documentación:

As solicitudes de subvención deberán presentarse **no formulario de solicitude** que figura como anexos nas presentes bases e que se facilitará en calquera dos rexistros do Concello, podendo descargarse na páxina web municipal (www.cambre.org) ou recollerse no departamento de Educación:

- anexo I: Solicitude
- anexo II: Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á Axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF), así como autorización do alumno maior de idade de comprobación de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias.
- anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social do beneficiario, alumno/a maior de idade.
- anexo IV: Declaración do solicitante de que a unidade familiar non solicitou nin percibiu outra axuda para a mesma finalidade.
- anexo V: Autorización para solicitar datos á Administración educativa sobre a matrícula realizada no centro escolar no curso 2017/2018.

O formulario de solicitude deberá ir acompañado dos seguintes documentos que conforman a documentación propia do solicitante e/ou beneficiario da bolsa de estudo:

- Fotocopia (compulsada) do DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios (cando por idade teñan obriga de telo).
- Fotocopia (compulsada) do libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Certificado do número IBAN de conta bancario a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.
- Fotocopia (compulsada) do certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2017-2018. (Deberá presentarse unicamente por aqueles que estean matriculados en centros escolares fóra do termo municipal de Cambre, e por aqueles que non autoricen expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa).

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Fotocopia (compulsada) ou orixinal de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto, uniformes escolares e vestiario, emitida a nome do beneficiario, solicitante (ou cónxuxe) da bolsa de estudo.
  Deberá presentarse factura ou factura simplificada, na que deberán figurar, en todo caso, os seguintes datos:
  - CIF, NIF ou NIE do establecemento.
  - Datos do titular do establecemento.
  - Data de expedición e número de factura.
  - Data de realización da operación, se non é a mesma que a de expedición.
  - Datos do beneficiario ou solicitante da bolsa de estudo (ou cónxuxe).
  - Concepto do adquirido detallado.
  - Prezo unitario de cada concepto e número de unidades adquiridas
  - Tipo impositivo, ou expresión "IVE incluído".
  - Importe total.
  - Deberase acreditar o pago da factura ou ben constar na mesma a expresión "PAGADO".

  A factura deberá estar individualizada por beneficiario (alumno/a)
  Os tiquets non terán validez como xustificantes válidos de gasto.

- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2017 segundo o disposto na base quinta da convocatoria.

Se é o caso:
- Fotocopia (compulsada) do título de familia numerosa.
- Fotocopia (compulsada) da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia (compulsada) do xustificante de viuvez onde conste o importe das pensión por gastos de manutención do menor ou outros.
- Fotocopia (compulsada) do certificado de minusvalía.
- Pensionistas: xustificante da pensión mensual e número de meses que a percibe.
- Perceptores do RISGA e RAI: Xustificante da contía mensual actual e fotocopia (compulsada) do documento de notificación da concesión.

Nota.- Os solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, xa que as fotocopias se fan e compulsan no rexistro de entrada municipal no momento de presentar a documentación.
Poderase requirir polo concello calquera outra documentación complementaria á indicada que se considere necesaria para maior clarificación da situación acreditada.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadroamento no concello de Cambre.

OITAVA: Revisión de solicitudes e subsanacións:

Rematado o prazo de solicitude, procederase á comprobación do cumprimento de requisitos e revisión da documentación.

Notificarase ao interesado a documentación a subsanar, se é o caso, e prazo para as subsanacións coa indicación de que, si esta non se producira, terase por desistido da súa solicitude, arquivándose previa resolución que deberá ser dictada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOVENA: Valoración e resolución das solicitudes:

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar.

Realizada a valoración, segundo o baremo seguinte, o Concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servicios Sociais e Educación resolverá o outorgamento das bolsas, correspondéndolle ao Alcalde o

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria:

a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, **25 puntos.**
b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, **15 puntos.**
c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, **10 puntos.**
d) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, 3 puntos, por cada un deles.
e) Por ter o título de familia numerosa, **2 puntos.**
f) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, **1 punto**.

DÉCIMA: Número de bolsas e contía económica:

Concederanse 85 bolsas de estudo de 120,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos do 2º ciclo de educación infantil, 66 bolsas de 50,00 euros cada unha destinadas aos alumnos de educación primaria e 30 bolsas de 150,00 euros cada unha destinadas aos alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos.

Outorgaranse aos beneficiarios que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior. Se fose o caso de bolsas sobrantes dunha das categorías, pasarían á categoría que máis solicitudes queden sen outorgar por falta de crédito automaticamente.

Se o importe de gasto validamente xustificado mediante facturas fora inferior ao importe da bolsa, a bolsa concederase e abonarase polo importe xustificado. Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constitúan obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización.

Unha vez outorgadas as bolsas de estudio, procederase ao pagamento das mesmas en pago único.

UNDÉCIMA: Obrigas dos beneficiarios:

Os beneficiarios estarán obrigados a:

a) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
b) Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
c) Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.
d) Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento.

Para o suposto de alumnos ou alumnas menores de idade, responderán das obrigas derivadas da convocatoria os solicitantes da bolsa de estudio, en canto ostentan a patria potestade ou titoría do menor.

DUODÉCIMA: **Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida:**

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

DÉCIMO TERCEIRA:

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2017, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

ANEXO I

SOLICITUDE BOLSAS DE ESTUDO CURSO ESCOLAR 2017/ 2018

SOLICITANTE (alumno/a maior de idade ou pai, nai, titor legal):
Nome e apelidos: _____, DNI: _____,

Domicilio:_____ ____,

Municipio_____,
Provincia_____Cód.Postal._____,

Teléf.: _____; Teléfono móbil: _____.

Nai/pai, segundo proceda, que non sexa o solicitante (no caso de non estar separado ou viúvo):

Nome e apelidos: _____, D.N.I.: _____

SOLICITA a Bolsa de Estudo para o curso escolar 2017/2018 do Concello de Cambre para o /a alumno /a:

1) Nome e apelidos:_____ Centro escolar:_____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil: Curso: _____
Libros de texto ☐ / Material escolar ☐ / Vestiario ☐

- Alumnado de Educación Primaria: Curso: _____
Vestiario ☐

- Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos: Curso: _____
Libros de texto ☐ / Material escolar ☐

2) Nome e apelidos:_____ Centro escolar:_____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil: Curso: _____
Libros de texto ☐ / Material escolar ☐ / Vestiario ☐

- Alumnado de Educación Primaria: Curso: _____

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Vestiario ☐

- Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos: Curso: _____
Libros de texto ☐ / Material escolar ☐

3) Nome e apelidos:_____ Centro escolar:_____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil: Curso: _____
Libros de texto ☐ / Material escolar ☐ / Vestiario ☐

- Alumnado de Educación Primaria: Curso: _____
Vestiario ☐

- Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos: Curso: _____
Libros de texto ☐ / Material escolar ☐

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

O Anexo II: Autorización de comprobación de datos tributarios.
O Anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
O Anexo IV: Declaración de non percibir a unidade familiar axuda ningunha para a mesma finalidade.
O Anexo V: Autorización para solicitar datos sobre a matrícula do curso escolar 2017/2018.
O Certificado do número IBAN de conta bancario a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.

Fotocopia compulsada dos seguintes documentos :

O DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios.
O Libro de familia ou documentación que o substitúa.
O Facturas xustificativas dos gastos realizados individualizada por beneficiario.
O Título de familia numerosa.
O Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez.
O Certificado de minusvalía.
O Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios curso escolar 2017/2018 (só os matriculados nun centro escolar de fóra do termo municipal de Cambre ou aqueles que non autoricen expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa).
O Outros.....

Cambre, _____ de _____de 2017.

Asinado: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión de Bolsas de Estudo Concello de Cambre, sendo beneficiario ou posible beneficiario a persoa que figura no apartado A da presente autorización.

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención mencionado anteriormente, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio establecido na convocatoria de Bolsas.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos)**:**

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, ___ de _____ de 2017.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Esta Autorización deberá cubrirse unicamente polo/a alumno/a e para o caso de que este/a sexa maior de idade

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso escolar 2017/2018.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do cumprimento das súas obrigas tributarias.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS: _____

NIF: _____

Cambre, ___ de _____ de 2017.

SINATURA:_____

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

Esta Declaración deberá asinarse unicamente polo/a alumno/a e para o caso de que este/a sexa maior de idade

Don/ Dona_____,
con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2017/ 2018 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Cambre, ___de _____ de 2017.

Asdo.: _____

ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE

Don/ dona_____, con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2017/2018 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que por parte de ningún dos membros da unidade familiar foi solicitada nin se percibiu axuda ningunha para a mesma finalidade e mesmo concepto.

Cambre, ___de _____ de 2017.

Asdo.: _____

Nota: Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ANEXO V

AUTORIZACION PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA SOBRE A MATRÍCULA DO CURSO ESCOLAR 2017/2018

Don/ dona_____,

con DNI _____, de conformidade co establecido nas Bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2017/2018 do Concello de Cambre,

AUTORIZO ao Concello de Cambre a solicitar á Administración educativa da Xunta de Galicia información relativa ao centro escolar e curso no que está matriculado o/s alumno/s ou a/s alumna/s para os que se solicito a Bolsa de estudio correspondente ao curso escolar 2017/2018.

Cambre, _____ de _____ de 2017.

Asdo.: _____

Segundo: Aprobar o gasto de *dezaoito mil euros* (18.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2017 326 48100 "Becas de estudio e libros educación"

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e darlles publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 18 de maio de 2017.

Concedida a palabra a dona Mª Jesús Gómez González, concelleira do PSdeG-PSOE, explica que se trae a pleno a aprobación das bolsas de estudo para o curso escolar 2017-2018. Como cada ano, dende hai case 25 anos, o Concello de Cambre vén concedendo bolsas de estudos destinadas a familias con escasos recursos e con fillos matriculados en centros públicos municipais.

Este vindeiro curso, a diferenza do 2016-2017, o prazo de solicitudes fíxase do 17 de agosto ao 15 de setembro. Este prazo xustifícase porque se presentan para a súa aprobación neste pleno do mes de maio e vanse repartir os folletos informativos xa no mes de xuño, antes de finalizar o curso. Outra variación respecto do curso actual é que se aumenta a dotación económica en 6.000 euros, aumentan todas as bolsas. Quedarían 85 bolsas de 120 euros para o ciclo de Educación Infantil; 66 bolsas de 50

euros para Educación Primaria; e 30 bolsas de 150 euros para Bacherelato, Formación Profesional e Secundaria de Adultos.

Concedida a palabra a don Manuel Mª Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, expón que traen novamente, como todos os anos, o debate sobre a proposta da convocatoria das bolsas de estudo. Sorpréndelle que a representante de goberno diga que van dirixidas a persoas con escasos recursos. Dille que non é verdade, non o é. Están seleccionadas exclusivamente para os que están inscritos en colexios públicos. Non é o mesmo. Hai moitos alumnos en Cambre que están estudando, non soamente en colexios públicos, tamén en colexios concertados, pero aos que lles ten sobrevido unha situación de dificultade, ou ben por separación de matrimonios, ou ben situación de paro, ou ben por miles de circunstancias, que están en cursos avanzados nos que xa estaban estudando, mantéñense neses centros, pero o concello decide que eses alumnos non van participar das bolsas.

Cre que se está facendo unha discriminación, el entende que moi negativa. Están falando de que teñen que estar empadroados no Concello de Cambre, e están. Están falando de que teñen que convivir cun dos solicitantes da bolsa, e conviven. Teñen que pertencer a unha unidade familiar, e pertencen. Teñen que presentar a solicitude correspondente, e presentaríana. O único é que as bases establecen un artigo, o cuarto, que no punto 1.2) fala de que teñen que estar matriculados nun centro escolar público no curso escolar obxecto da convocatoria, para o curso para o que se solicita a bolsa.

O PP entendería que puxera estar matriculado nun centro sostido con fondos públicos, iso poderían entendelo, pois sería un colexio público a fin de contas, e beneficiaríanse persoas que realmente o necesitan, que non deben ser excluídas porque unha circunstancia sobrevida lles teña levado a unha situación moi precaria para poder facer fronte aos seus estudos. Cando están en 4º, en 5º, en 6º, cambiar ao neno de centro, para levalo a outro centro público, é desarraigalo do centro onde se ten levado a cabo a súa formación. Cren que non é xusto pola súa parte excluír a esa xente.

Conclúe dicindo que se están dispostos a modificar onde pon centro escolar público, para que poña centro sostido con fondos públicos, o Grupo Municipal Popular apoiaría esta proposta, senón, lamentablemente terán que votar en contra.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que facendo unha valoración un pouco global da ordenanza, danse conta de que si, en certo sentido é positiva, porque aumenta a partida e vanse ver beneficiados moitos máis posibles bolseiros.

O problema que ven dende Asemblea de Cambre son os prazos nos que se están facendo as peticións das axudas. Non ven coherente, tendo en conta que o curso escolar pode empezar a partir do día 10, 12 ou 15, e que moitas veces alumnos de Bacharelato teñen aínda probas pendentes para ese período de setembro, non ven como é que se fai a convocatoria a partir do día 15 de agosto.

Xa o ano pasado ACdC-SON presentou unha emenda pedindo que se fixera máis ampla a oferta de tempo, e que se ampliase cara ao final de setembro, non cara ao principio do mes. Iso é algo que non acaban de entender e incluso ven un pouco irreal, por non responder á realidade que ten algún deses sectores de alumnado.

Por outro lado, facendo un pouco referencia ao que o concelleiro do PP estaba comentando, dende ACdC-SON pensan, moi claramente, que estas bolsas teñen que ir orientadas ao sector público exclusivamente, porque ademais, por norma xeral, son os máis necesitados nese sentido. Un centro concertado xa te predispón a unha serie de posicións sociais, ao mellor unha posición económica que pode ser máis solvente, ao mellor, non o sabe.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Volvendo un pouco ao tema das contías, das dotacións das bolsas, seguen sen ver reflectido o custo real que ten para os nenos, que ten para as familias, a presenza e o material dos cursos, porque 50 euros, 120 euros ou 150 euros por bolsa, moitas veces non chega para a totalidade dos gastos. E tendo en conta que o obxectivo final desas bolsas é darlle solución á xente que non pode acceder aos materiais, consideran que ao mellor habería que retomar un pouco ese tema e darlle unha volta, para facelo un pouco máis acorde co que consideran que pode ser algo máis real.

Conclúe dicindo que, polo tanto, vendo estas pequenas cousas que ten a convocatoria, vanse abster na votación.

Concedida a palabra a dona Mª José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que aínda que a proposta trae melloras, chega a máis persoas e tense incrementado o diñeiro, si é certo que presenta algunhas deficiencias, polo que o seu grupo tamén considera que hai moitos puntos que se poderían mellorar, que xa se dixeron aquí no pleno do ano pasado e non se teñen modificado. Polo tanto, vanse abster.

Concedida a palabra a dona Mª Jesús Gómez González manifesta que respecto dos centros públicos, todos os anos o PP lles pregunta o mesmo e eles todos os anos contestan o mesmo. Pensan que estas axudas son para centros públicos, a xente que leva aos seus fillos a centros concertados é porque decidiu levalos.

Respecto dos importes, que lles parecen pouco, di que están convencidos de que non é un importe excesivo, pero pódelles dicir, como anécdota, que hai xente que non xustifica nin sequera o pago total ao que ten dereito. Concédeselle o que xustifica, non gasta o total da bolsa á que ten dereito.

Concedida a palabra a don Manuel Mª Mora Pita da Veiga manifesta que debeu ser un *lapsus linguae*, a subvención non é aos centros públicos, é aos alumnos, aos rapaces que están nos centros públicos. Tamén lle sorprende escoitar que os que están nos centros concertados xa teñen unha elite social distinta. Di que lle poden ir a preguntar a algún que neste momento ten unha renda anual que está por debaixo dos 9.000 euros, a da unidade familiar, a ver se están na elite social. Hai que preguntarlles, porque dálle a sensación de que aquí se fan afirmacións excesivamente gratuítas.

El segue a insistir en que a quen están tratando de beneficiar é a xente que o necesita, dá igual onde estean estudando. Obviamente un centro privado non, porque é certo que ten un custo alto e non estarían estudando aí se teñen unha renda inferior a 9.000 euros, pero si hai moitos nenos en Cambre que marxinan, que teñen unha renda inferior a 9.000 euros, e que os marxinan porque, no seu día, os seus pais libremente tomaron a decisión de matriculalos nun centro concertado.

El entende que non se debe falar nin de centros públicos, nin de centros concertados, deben falar de nenos, e os nenos non deben ser marxinados porque a súa situación familiar os obrigue a estar nuns centros que inicialmente eran óptimos segundo o criterio da familia, que é a que ten dereito a escoller. Nenos que, non obstante atoparse neste momento pasando serias dificultades, o concello decide non axudalos. Lamenta iso profundamente.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

da Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona Mª Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.8. Aprobación, se procede, da prórroga do contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple

Vista a proposta de Alcaldía do día 10 de maio de 2017 que consta do seguinte teor literal:

"Visto que, coa data do 30 de xuño de 2005, asinouse coa entidade "HEBE SPORT, S.L." un contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple, (Expediente: 2004/25-1 CON.O. P.).

Visto que, na cláusula quinta do contrato, e cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese que a duración do contrato, será de dez anos, contados desde o día seguinte á súa formalización, e poderá ser obxecto de prórrogas que no seu conxunto non poderán exceder doutros cinco anos, logo do acordo expreso adoptado polo órgano de contratación, a petición do adxudicatario antes da finalización do contrato principal, e, posteriormente, á finalización de cada período de prórroga. Continúa a cláusula quinta indicando que "Este prazo concesional poderá, non obstante, ampliarse ou reducirse nos supostos previstos no art. 248 do TRLCAP, sen que a súa duración máxima total poida superar os quince anos".

Visto que o Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión de data 21 de maio de 2007, acordou modificar o contrato, ampliando o prazo principal de duración da concesión, modificando así a cláusula quinta do contrato formalizado, no sentido de ampliar o período de duración do contrato principal a doce anos, o que leva consigo que **o contrato subscrito abarca ata o vindeiro día 30 de xuño de 2017 incluído,** sendo posible a súa prórroga nos termos establecidos inicialmente, e respectando o prazo total máximo de duración de quince anos**.**

Visto o escrito presentado por don Diego Novoa Torres con DNI 79320372L como administrador, en representación da entidade adxudicataria "HEBE SPORT, S.L." rexistrado de entrada o día 8 de maio de 2017 ao número 0/2795, no que se solicita se prorrogue o referido contrato ata o 30 de xuño de 2018.

Visto informe-proposta favorable a prórroga, emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, coa data do 10 de maio de 2017, xustificada en que o complexo deportivo da Barcala é a instalación máis complexa e importante, coa oferta de programas deportivos de natación, actividades físicas dirixidas e actividade cardiovascular e de acondicionamento físico, e ante a próxima apertura das piscinas descubertas durante a temporada estival .

Tendo en conta que a entidade adxudicataria está solicitando en prazo a prórroga permitida polo prego que contén as condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, e que o expediente de contratación tramitado contou cos preceptivos informes favorables respecto do cumprimento da normativa vixente no momento da súa incoación e modificación, (informes de datas 14 de outubro de 2004 -expediente contractual-, e 18 de maio de 2007-acordo de modificación).

Tendo en conta, así mesmo, que o órgano competente para acordar o presente acordo de prórroga é o Pleno da Corporación, por lle corresponder a competencia para as contratacións plurianuais cando a súa duración exceda de catro anos, (art. 22.1.n) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local)

Ó abeiro do establecido na cláusula quinta do contrato, e cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Prorrogar, ata o 30 de xuño de 2018 incluído, o contrato subscrito coa entidade "HEBE SPORT, S.L." para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple, (Expediente: 2004/25-1 CON.O. P.), esto sen prexuízo de que, antes do vencemento deste prazo, se poidan

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

adoptar novas prórrogas, á vista do establecido na cláusula quinta do contrato, e cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e sen que a duración total do contrato poida exceder de quince anos.

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade "HEBE SPORT, S.L.", con CIF: B15890809 e enderezo na rúa Venezuela nº 3, 3º esquerda, Sada (A Coruña), así como ao departamento de Deportes, e máis á Intervención municipal, para os efectos oportunos."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 18 de maio de 2017.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, explica que o que se trae hoxe a pleno é a prórroga do contrato de explotación do complexo deportivo da Barcala e as piscinas descubertas do Balado e do Temple. O contrato remata o vindeiro 30 de xuño de 2017, tras os 12 anos do contrato principal. Teñen a posibilidade de prorrogar o contrato por 3 anos, porque así está nos pregos, mais debido á inminente modificación da Lei de contratos decidiron traer a proposta de prórroga por 1 ano, ata o 30 de xuño de 2018, e cando teñan a nova lei, abordar este tema con maior seguridade xurídica.

Concedida a palabra a don Manuel Mª Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que xa comentaron nas comisións informativas que lles dá a sensación de que a prórroga deste contrato é unha prórroga por deixamento de funcións, é dicir, que o tema lle ten pillado demasiado rápido ao concelleiro responsable, e non tivo tempo de facer unha pequena prospección de como está funcionando.

Todos saben que é un sistema moi deficitario, que está infrautilizado. Incluso facendo un pouco de memoria, non hai moito tempo o propio señor alcalde ten preguntado, estando na oposición, cal era a situación desas piscinas, dado que estaban moi mal utilizadas e moi mal levada a súa xestión.

El recoméndalle ao concelleiro responsable que, por favor, faga un estudo un pouco serio e vexa se prorrogar o contrato é bo para as instalacións, é bo para o concello, é bo para os usuarios, e é bo para que todos saian beneficiados. Teme que non sexa así, como xa dixo hai moita infrautilización e é deficitario. O tema non funciona ben e levan así xa un tempo, pero un tempo xa longo con iso, os problemas veñen xa do mandato anterior.

Conclúe pedindo que se faga unha revisión da situación, a ver se conseguen mellorala e que as prórrogas non sexan tan alegres e tan voluntariosas cando o servizo realmente non está respondendo aos obxectivos polos cales se ten contratado.

Concedida a palabra a dona Mª Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que efectivamente coinciden en que existe unha obriga necesaria de revisar esta contratación de hoxe nun ano, e de hoxe nun ano verán se propoñen a prórroga ou se efectivamente se empeza a traballar xa no que o seu grupo considera unha revisión necesaria dunha das contratacións existentes no Concello de Cambre.

Seguramente, aínda que non o sabe, pode haber algún tipo de deixamento de funcións, como dicía o compañeiro do PP, do actual responsable da contratación, pero non máis deixamento de funcións que o que houbo durante todo o Goberno anterior con esta empresa. O PP permitiu que fixera e que campara ás súas anchas no que, a día de hoxe, o seu grupo considera un dos servizos máis deficitarios deste concello.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Catro anos tiveron dende o PP para facer algo con isto, moitas veces o grupo no que ela estaba trouxo este tema a pleno, como lembrarán moitos dos aquí presentes, e poucas veces se lles contestou. A día de hoxe o PP considera que hai deixamento de funcións. Xa di que non o vai discutir, pero dende logo o que non é de xustiza é tirarlle das orellas a quen, neste caso, ten menos responsabilidade que o propio que lle tira delas.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster nesta proposta de prórroga. Instan, como dicía ao principio da súa intervención, a que dende o departamento de Contratación se poñan xa a ver que se pode facer respecto desta contratación de aquí a un ano, e de aquí a un ano verán se efectivamente se lle pode dar unha volta a este servizo, importante en Cambre, con moitos usuarios en calquera das súas vertentes, e que entenden que non se está prestando como se debería aos veciños.

Concedida a palabra a dona Mª José García Hidalgo, voceira do GM (C's), expón que moitos usuarios lles teñen comunicado que neste servizo existen deficiencias, e hai queixas de xente que utiliza as instalacións, polo que ao mellor, en vez de que sexa de maneira tan acelerada o de renovar o contrato, quizais habería que facer un estudo. Talvez por falta de tempo non se puido facer, pero habería que renovar o contrato doutra maneira, vendo se realmente a empresa pode seguir dando un servizo do que se producen moitas queixas.

Tamén é verdade que pola súa parte teñen criticado moitas veces ao Goberno por non ter máis celeridade en dar saída e arranxar os contratos que están en precario. Entón, por unha parte ven que a necesidade é latente, hai que arranxar esa situación, pero por outra atópanse cunha empresa da que hai moitas queixas.

Conclúe dicindo que Ciudadanos vaise abster, pero rogan ao Goberno que, por favor, se tome isto moi en serio, que consulte con todos os usuarios e que dalgunha maneira lle poña as pilas á empresa, para que o servizo cumpra co mínimo que ten que cumprir.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández manifesta que recollen as peticións dos grupos sen ningún problema, farán ese estudo e terán en conta as queixas dos usuarios, pero dilles que deixamento de funcións, ningún. Estiveron traballando, incluso había un borrador que viña da época na que estaba Elisa Pestonit na concellería, e agora, visto que vai haber unha nova redacción da Lei de contratos do sector público, que está no Congreso dos Deputados, que poden ver na páxina web, decidiron agardar un ano, en lugar de facer xa ese contrato, para ver se ao mellor pode axustarse con esa nova lei e ter uns certos beneficios. Pensan que se pode facer con maior seguridade o ano que vén. Máis nada.

Toma a palabra o señor alcalde para asegurarlle á voceira de Ciudadanos que si que se toma en serio este tema. Como poden ver xa viñan traballando niso na época na que a concellería de Deportes a levaban os concelleiros de UxC, e agora co BNG tamén, o que pasa é que neste momento, tal e como están as cousas, prefiren agardar un pouco e ver como se resolve todo isto. Tamén saben que non é o mellor dos sistemas, nin é a mellor das concesións que funcionan neste concello, tamén están seguros diso.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona Mª Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.9. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de ACdC-SON, respecto da despenalización da eutanasia activa. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única: Moción de ACdC-SON respecto da despenalización da eutanasia activa

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/131 o día 19 de maio de 2017. Consta do seguinte teor literal:

"Recentemente tivo enorme relevancia informativa e social o pasamento do cidadán José Antonio Arrobal, que viña reclamando insistentemente diante das instancias públicas o seu dereito a que lle facilitaran axuda para morrer, por entender que a súa enfermidade convertíalle a vida nun permanente sufrimento sen horizonte ningún de cambio na situación.

A actitude de Antonio Arrabal en defensa non só do dereito á vida, senón tamén da facultade de dispor dela cando unha persoa se atope en circunstancias que, obxectivamente, a fagan insoportable ou carente das máis elementais condicións de dignidade que debe levar aparelladas, ten reaberto un debate que no ano 1998 protagonizara o galego Ramón Sampedro a nivel internacional: o da despenalización da eutanasia activa.

O recente caso de Antonio Arrabal puxo tamén en evidencia que son unha grande proporción de persoas do noso país (segundo datos do CIS, no ano 2015 o 78% dos españois eran partidarios de regular a morte asistida), que demandan exercer libremente a súa capacidade de decisión no caso que cheguen a ser vítimas de enfermidades incurables e dolorosas que lles conduzan irremediablemente a unha morte segura ou de calquera outro tipo de doenzas ou lesións permanentes que lle incapaciten de xeito xeneralizado para valerse por si mesmas.

Esa liberdade de decisión non é obstáculo para que, respectando as crenzas relixiosas, filosóficas ou de calquera outro tipo, sexa cada persoa en concreto a que, estando en pleno uso das súas facultades mentais, adopte a decisión que sexa máis coherente con tales ideas, sen que de xeito ningún teña que levar consigo a imposición da decisión por parte doutras persoas (familiares, médicos, autoridades, etc.) externas ao propio afectado.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Proposta de acordos:

Primeiro: Sendo conscientes do rexeitamento que tivo unha iniciativa en termos parecidos no Congreso dos Deputados, o Pleno municipal do Concello de Cambre, sensible con este problema, acorda dirixirse ao Ministro de Xustiza para instarlle a que se modifique o Código Penal no sentido de que declare a exención de pena daquelas persoas que, mediante actos necesarios ou de cooperación activa, permitisen, propiciasen ou facilitasen a morte digna e sen dor doutra persoa, a petición expresa, libre e inequívoca desta, en caso de que sufrise unha enfermidade grave que tivese conducido necesariamente á súa morte ou lle producise graves padecementos permanentes e difíciles de soportar, ou que, sendo permanente, lle incapacitase de xeito xeneralizado para valerse por si mesma.

Segundo: Dar traslado da presente moción aos grupos parlamentarios representados no Congreso dos Deputados e así mesmo na Xunta de Galicia.".

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto)), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona Mª Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe). Abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 854/2017, do 22 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María Dolores Blanca García Fernández, desde o día 5 ao día 9 de xuño de 2017, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, serán exercidas por don Óscar A. García Patiño, que ostenta a presidencia da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María Dolores Blanca García Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Da Resolución de Alcaldía núm. 857/2017, do 22 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 1 ao 4 de xuño de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Da Resolución de Alcaldía núm. 858/2017, do 22 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 17 ao 31 de xullo de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

3.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/4311 o día 22 de maio de 2017.

1º O pasado mes de abril, celebrouse en Betanzos unha feira dedicada ao Camiño Inglés, na que en 18 carpas habilitadas pola Deputación Provincial da Coruña, os diferentes concellos polos que transcorre o dito camiño, dende Ferrol ata Santiago de Compostela, promoveron os seus produtos gastronómicos, a súa artesanía, a súa paisaxe e a súa cultura.

Pese á importancia histórica, cultural, relixiosa e turística do dito camiño así como o enorme potencial económico e dinamizador dos lugares por onde transcorre, o seu paso polo noso municipio deixa, nalgúns lugares, moito que desexar, tal e como se pode comprobar cunha simple visita a el e como se reflicte nas fotografías que se achegan. Respecto, protección e promoción do Camiño Inglés que entendemos debe empezar dende o noso propio concello, incluíndo ao museo e oficina de turismo, onde a maqueta da igrexa de Cambre, lonxe de poñer en valor o noso patrimonio e dentro del o Camiño Inglés, atópase tirada no chan, xunto cos contedores de lixo e caixas, tal e como tamén reflicten as fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, a requirimento dos nosos veciños, se solicite ao Goberno municipal que adopte as medidas necesarias para mellorar o estado no que se atopa o Camiño Inglés ao seu paso polo noso termo municipal, así como a súa mellor protección, difusión e fomento.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Xuventude, Turismo e Patrimonio, agradece o rogo e manifesta que niso están. Iso é o que eles pretenden tamén, polo tanto, aceptan o rogo.

2º Veciños de Cambre dirixiron as súas queixas a concelleiros do Partido Popular respecto do lamentable estado no que se atopa a fonte, o lavadoiro público e as beirarrúas existentes no lugar de Freande, onde a situación de abandono, o vandalismo, as pintadas existentes, a falta de salubridade e seguridade son evidentes, tal e como corroboran as fotografías que se achegan ao presente rogo.

Á vista das ditas queixas e a ausencia das máis mínimas condicións de salubridade e seguridade esixibles, dende o Grupo Municipal Popular solicítase do equipo de goberno municipal que se adopten as medidas oportunas para resolver, á maior brevidades posible, os problemas advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos, contesta que recollen o rogo.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Toma a palabra o señor alcalde para expoñer que o rogo número 3, como xa comunicaron ao PP, retírase da orde do día. Cre que se lles comunicou por correo electrónico, e que rogo se contestará por escrito.

Don Juan Mª Abalo Castex, concelleiro do PP, pregúntalle se non lles vai deixar lelo.

O señor alcalde contesta que non, que lelo non vai deixar. Poden facer unha referencia se queren, pero quedaron na xunta de voceiros, e quedou claro, que todo o que levara tema de informe e tal, que sería unha pregunta, ou ben que se pasaría por rexistro. Non se trata de establecer agora un debate, outra vez, sobre o Regulamento orgánico municipal. Hai dúas semanas o dixo moi claro e supón que está recollido na acta, polo tanto, cre que non hai lugar a debate.

Don Juan Mª Abalo Castex manifesta que eles non comparten, evidentemente, o criterio de retirar este rogo, sobre todo porque entenden que as facultades que ten a xunta de voceiros non son as de interpretar de maneira restritiva, interesada e subxectiva, cal é o Regulamento orgánico municipal, e cales son os rogos. E sobre todo, cal é o cambio que tivo o señor alcalde dende que asumiu a Alcaldía, respecto do que eran el e o seu grupo municipal cando estaban na oposición.

Lémbralle ao señor alcalde que era el o que nos rogos solicitaba informes, como así se pode comprobar mediante as actas. Por exemplo a do 25 de xaneiro de 2014, sesión na que o Sr. García Patiño solicitaba informe nos rogos, ou como por exemplo tamén os tres rogos que presentou o 21 de xuño de 2014, nos tres solicitaba informe. Agora chega á Alcaldía e trata de acalar á oposición, como se está vendo hoxe, asumen os rogos e acabouse, non hai debate, e iso é o que pretende tamén cunha interpretación subxectiva, absolutamente subxectiva, do que é.

Eles entenden que o señor alcalde non pode ir en contra do que di o propio Regulamento orgánico municipal. A xunta de voceiros non ten facultades resolutivas, que eles entendan, co cal non están conformes coa interpretación que fan do regulamento.

O señor alcalde manifesta que lle parece correcto que non estean conformes, e di que non foi o Goberno o que cambiou, en absoluto, as regras, foi a oposición a que pediu cinguirse estritamente ao Regulamento orgánico municipal, e é o que está facendo, o que intenta facer e o que intentará facer ata o final da lexislatura, nin máis nin menos.

Na xunta de voceiros informouse de cal ía ser o criterio a partir dese momento. Se o PP non está de acordo e quere cambiar isto do Regulamento orgánico municipal, dilles que fagan a proposta, que se estudará, traerase a pleno e se a maioría decide cambialo, cambiaráse.

Dona Mª José García Hidalgo, voceira do GM (C's), pregunta se podería facer agora unha intervención.

O señor alcalde contéstalle que non, que o sente, que cando lle toque intervir cos seus rogos deixaralle dicir o que teña que dicir.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/133 o día 22 de maio de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º As fontes e lavadoiros do noso concello foron tradicionalmente puntos de grande importancia na actividade veciñal. Existen en Cambre aproximadamente 200 elementos deste tipo, distribuídos por

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

distintos lugares do concello dende hai moitos anos, que de non remedialo mediante actuacións urxentes, estamos abocados á súa perda. Algunha destas infraestruturas están no máis absoluto abandono como é o caso do lavadoiro da Fontenla en Pravio, que está totalmente invadido pola maleza.

Pregamos limpen e acondicionen o lavadoiro, para poder utilizar a dita instalación nas condicións máis óptimas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos, contesta que, unha vez aclarado o lavadoiro a que se referían, a mesma resposta que lle deu aos compañeiros que fixeron o rogo anteriormente. É verdade e recollen o rogo na súa totalidade.

2º Practicamente en cada pleno ordinario temos a necesidade de aprobar facturas procedentes de exercicios anteriores de diferentes provedores. Un deles é Gas Natural Fenosa, compañía que, ao noso entender, non está levando a cabo a facturación dos consumos eléctricos do concello dun xeito suficientemente serio como para poder comprobar que a facturación emitida é correcta. Atopámonos facturas emitidas con máis dun ano de atraso, estimacións de consumo que non sabemos a que corresponden, puntos de subministración de identificación dubidosa, así como contadores que non sabemos se rexistran correctamente. A situación reviste unha enorme gravidade se temos en conta o importe elevado da facturación que recibimos mensualmente de Gas Natural Fenosa. Sirva como exemplo este pleno ordinario, no que temos que aprobar facturas por un importe de máis de 91.000 euros, correspondentes a consumos de electricidade que proveñen ata de dous anos e medio.

Pregamos que o Goberno inicie as actuacións necesarias para solicitar formalmente a Gas Natural Fenosa a facturación en tempo e forma, e manteña informados por escrito aos grupos políticos desta Corporación dos trámites realizados ante a compañía, así como das respostas recibidas dela.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, explica que falou cos técnicos municipais responsables das contratacións con Gas Natural Fenosa, e o comercial que lle corresponde a Cambre díxolles que cre que neste momento están ao día as facturas de Gas Natural. Que podería quedar algunha que se lles teña traspapelado, pero que cren que están ao día.

Conclúe dicindo que recollen o rogo, xa que tamén é interese do Goberno que lles pasen as facturas canto antes, para poder facer un mellor control delas.

3º En todas as parroquias do noso concello observamos unha gran cantidade de coches abandonados. Este é un problema grave, non só por seguridade pública e hixiene, senón porque restan prazas de aparcamento e supoñen un importante risco de incendio.

Pregamos tomen as medidas adecuadas para retirar das nosas vías públicas todos os vehículos abandonados e ser informados do protocolo de actuación que actualmente levan a cabo dende o concello para o tratamento destes residuos sólidos urbanos.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, pregunta de cantos coches máis ou menos están falando.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, contesta que non sería o seu labor saber cantos coches hai, eles teñen detectados bastantes coches, que el teña na memoria agora mesmo, máis de tres ou catro. Explica que el ten na memoria agora mesmo unha soa parroquia, na zona do Temple e arredores, pero seguramente se se desprazan ata algún outro punto, atopen moitos máis. Sería conveniente facer unha revisión dende Sta. Mª de Vigo ata o propio Temple.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dona Josefa Vázquez Soto expón que no concello teñen localizados uns 20 coches abandonados, máis ou menos. Todos eles teñen expedientes abertos, e están en trámite de dar cos donos, que teñen un prazo máximo. Se non conseguen dar cos donos, entón teñen que seguir un protocolo, e iso é o que están facendo con todos.

O señor alcalde engade que co tema dos coches, como saben, se os declaran residuos aínda se alongan moito máis os prazos para retiralos da vía pública. Se non se declaran residuos e se poden sacar, si, pero se os declaran como residuos sólidos aínda lles leva máis.

Don Antonio Bruquetas Santos sinala que respecto do que se pide no propio rogo de ser informados do protocolo que se segue, pregunta se hai algún tipo de problema en enviar esa información a todos os grupos por escrito.

Dona Josefa Vázquez Soto contesta que consultará coa Policía e pasarállelo.

A continuación o señor alcalde informa que van pasar a tratar as preguntas do PP, xa que había un rogo presentado por Ciudadanos, pero que tamén o retiran pola forma de facelo.

Dona Mª José García Hidalgo, voceira do GM (C's), expón que é certo que se falou na xunta de voceiros, pero aínda non é resolutivo. A dúbida que ten é se retira o rogo porque o que se están pedindo son informes, non se lles dixo no e-mail que lles enviaron, que simplemente dicía que non se admitía, pero deu por feito que era porque se pedían informes.

Engade que se trouxeran este tema como pregunta, tampouco poderían facelo, porque o Goberno diría entón que se teñen que cinguir a unha pregunta, que non valen as preguntas "racimo" por así dicir.

Se o meten por rexistro, como suxire o señor alcalde que fagan, van recibir unha resposta, pero non van poder intervir como poderían facelo no salón de plenos, nun rogo, co fin de que lles aclaren certos puntos da resposta que puidesen darlles.

Ela cre que deberían aclarar moi ben que abarca cando se piden uns informes nun rogo, e que é unha pregunta, porque aquí xérase unha dúbida, se o meten como pregunta, non vale, e se o meten como rogo tampouco vale. A ela gustaríalle que llo aclararan.

O señor alcalde manifesta que isto quedou aclarado no seu día, e el mesmo, e xa o dixo cre que dous, tres ou catro veces, xa leu textualmente o que di o regulamento sobre os rogos, e a iso é ao que se van cinguir, niso quedaron. Dise no regulamento que o rogo é a formulación dunha proposta de actuación.

Que o Goberno informe é unha cousa, e outra cousa é pedir un informe, son dúas cousas distintas. Pedir un informe físico, que normalmente fan os técnicos municipais, iso pódese pedir por outras vías. Pero que o Goberno informe non é unha proposta de actuación, así o entenden e así o van manter ata final de lexislatura, a non ser que se cambie ese punto do Regulamento orgánico municipal, que como lle dixo ao PP hai que propoñelo na xunta de voceiros ou onde estimen eles oportuno, discutilo e chegar a un acordo, ou non, pero mentres tanto, como xa dixo anteriormente, van cinguirse ao Regulamento orgánico municipal, nin máis nin menos.

Dona Mª José García Hidalgo manifesta que, entón, o alcalde recoñece que ata o de agora víñanse pedindo informes nos rogos e víñanse aceptando. Foi a partir de agora cando xa non se aceptan.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O señor alcalde expón que o Regulamento orgánico municipal cambiou, que hai pouco votaron a modificación e, agás o PP, saíu a prol, e cre que ela tamén votou favorablemente. Dende o Goberno dixeron por activa e por pasiva que a partir dese momento, porque tamén estaba o tema dos tempos, que non se respectaban, íanse cinguir exclusivamente á interpretación que en principio no Goberno fan dos rogos, das preguntas e das mocións.

Dixérono e van mantelo. Se hai que cambiar o parágrafo ese porque algún grupo entende que non se axusta, xa saben o que teñen que facer, e o fan, non hai ningún tipo de problema en discutilo, pero mentres tanto seguirán actuando así para todo o mundo.

Dona Mª Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, di que simplemente por clarificar un pouquiño este asunto, efectivamente non só no Regulamento orgánico municipal, senón que na lexislación á que se teñen que acoller, un rogo é unha proposta de actuación, e iso non é discutible. Agora ben, ela entende que o que deberían de facer é buscar a definición de actuación.

Actuación, se van á Real Academia da Lingua, ten diferentes acepcións, e unha delas é exercer funcións propias de cargo ou oficio. Esa é unha das definicións da Real Academia da Lingua, non é dela. No que se refire ás funcións propias do cargo ou oficio do alcalde, neste caso, directamente vaise ir ao artigo 16, que está modificado en abril de 2013, no que se di que dentro das competencias do alcalde, todos os concelleiros terán dereito a obter do alcalde ou presidente da comisión de goberno, cantos antecedentes, datos ou información, consten en poder dos servizos da Corporación e sexan necesarios para desenvolver a súa función.

Quere dicir con isto que non está tan claro iso de que unha proposta de actuación sexa simplemente solicitar que se actúe, no sentido de acto físico, senón que existe como definición, dentro da Real Academia da Lingua, esa outra opción ou alternativa, que é que a actuación tamén é exercer funcións propias do cargo ou oficio. Con todo isto o que quere é sementar a dúbida, sementar a dúbida sobre esa afirmación taxativa de que a actuación é unicamente iso.

Como o que lle apetece e cre que é o conveniente é sementar esa dúbida, non a van discernir entre ningún deles agora, xa que a argumentación do alcalde está clara, e a argumentación dos compañeiros que falaron tamén está clara.

Para efectivamente chegar a un punto de acordo considera que sería, neste caso, a secretaria do concello quen tería que informar sobre que é unha proposta de actuación. Con iso verían se dentro do apartado de rogos nos plenos, poderían chegar a pedir informes. Dende o seu punto de vista, si. Si porque é un dereito que lles asiste e é unha obriga, tanto do alcalde como dos concelleiros, pero quizais poida ser que non sexa esa a definición.

En todo caso cre que non é algo que estea tan claro, e díllelo ao señor alcalde con cordialidade, porque lévalle dado bastantes voltas a este asunto, e entende, sobre todo tendo tamén en conta as actuacións noutros concellos, e neste mesmo concello, que a solicitude de informes entra dentro da necesidade dos grupos da oposición e da obrigatoriedade do equipo de goberno, alcalde e concelleiros.

Conclúe solicitando, para esclarecelo, un informe da secretaria nese sentido, e con ese informe na man si que poderán ver e discernir dunha vez por todas se efectivamente poden solicitar informes ou non no apartado de rogos.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que non vai haber máis debate neste tema, que era un rogo que retiraron e no que deixaron falar á concelleira. Di que acepta a petición que fan dende Asemblea

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cidadá de Cambre, pedirán un informe á secretaria a este respecto e farállelo chegar a todos os grupos políticos.

3.3. Preguntas

Antes de dar lectura á primeira pregunta, dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira do PP, faille notar ao señor alcalde, se lle permite, tamén con cordialidade, que no primeiro rogo que fixo o seu compañeiro de grupo, don Juan Mª Abalo Castex, o señor alcalde díxolle que non tiña réplica e que ía manter ata o final da lexislatura o mesmo criterio, non obstante, aos tres minutos xa non dubidou en cambialo e concedeu varias quendas de réplica.

O señor alcalde pídelle que se cinga á pregunta.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe indica que gustaríalles que lles explicara por que mantén o criterio para o Grupo Municipal Popular e non para o resto dos grupos. É unha cuestión de orde, simplemente.

O señor alcalde contesta que é para todos os grupos.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe di que acaban de ver todos que non.

O alcalde volve solicitar que dea lectura á pregunta.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/4312 o día 22 de maio de 2017.

1ª O pasado 19 de maio presentouse en rolda de prensa, outra vez con gran despregue mediático, a oferta cultural programada dende o noso concello, para o que resta de primavera, isto é, apenas un mes e medio, na que o noso alcalde encomiou o *"incrible traballo da área con axustado orzamento"*, uns 10.000 euros.

Para iso, a Concellería de Cultura, Mobilidade e Transportes publicou un panfleto de ata 16 páxinas que foron remitidas mediante envío postal. Panfleto que lembra ao publicado pola mesma concellería o pasado mes de abril, no que se publicitaba igualmente a través de 16 páxinas remitidas mediante envío postal, os eventos a realizar en dez días no Parque da Igrexa de Cambre, baixo o nome de Noutrora. Publicidade que foi acompañada de bandeirolas colgadas de farois ao longo do termo municipal.

A iso hai que engadirse o xornal municipal, novo panfleto de 32 páxinas no que con periodicidade trimestral se pretende dar publicidade ás accións dos tres grupos políticos no goberno municipal.

Xunto á falta de respecto para o medio ambiente que supón tal despregue mediático en soporte papel, tampouco se está tendo en conta polo noso Goberno municipal o aforro que para as arcas municipais suporía utilizar exclusivamente as novas tecnoloxías da información e a comunicación para contactar cos nosos veciños.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular lle pregunten ao señor alcalde de Cambre, cal foi o custo de cada unha destas tres actuacións publicitarias.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta que do primeiro dos panfletos de ata 16 páxinas, que foi enviado por envío postal, 2.800 euros. Do xornal municipal, novo panfleto de 32 páxinas con periodicidade trimestral, da orde dos 5.500 euros. E para

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

que a nai de Deus se entere, do terceiro deles, ese que se chamaba o que quede da primavera, tamén 2.800 euros.

2ª O *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña, publicou o pasado 2 de maio a resolución 13.639/2017, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións do programa dirixido a municipios da provincia de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2017.

Na dita resolución, municipios do noso ámbito, como Arteixo, Culleredo, Cerceda, Miño, Oleiros, Betanzos ou Sada, teñen recoñecida provisionalmente unha subvención para estes fins, que pode chegar ata os 20.000 euros.

Á vista dos beneficios que suporía para o noso concello ter contado cunha subvención que financiara o gasto de persoal da oficina de turismo durante o exercicio 2017, e descoñecendo se o noso concello optou ou non ao dito proceso, dende o Grupo Municipal Popular solicítase do concelleiro competente, que se informe cal ten sido o motivo ou motivos que provocaron que o Concello de Cambre non obtivera a dita subvención.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta que dende a Deputación sacan todos os anos dúas liñas de axudas, dúas liñas de subvención. Unha para técnicos de museo e outras para oficinas de turismo. Cambre pediu a de técnicos de museo, pola que o ano pasado obtiveron 14.000 euros, máis ou menos a mesma contía.

A das oficinas de turismo non a pediron porque no caso de Cambre dáse unha circunstancia particular, que é que o museo e a oficina de turismo está no mesmo local, e a subvención á cal o PP fai referencia di expresamente que hai que ter unha persoa de nova contratación. Como aquí xa tiñan a persoa, optouse por non pedila, xa que habería que contratar outra. Optouse por isto neste caso, o cal non quere dicir que non se pida en anos sucesivos.

Esa liña de axudas está pensada para concellos, para oficinas de Turismo onde non hai técnicos de turismo permanentes, é dicir, oficinas de turismo que abren durante uns meses ao ano.

3ª O artigo 8 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, inclúe entre os empregados públicos ao persoal eventual, que define no seu artigo 12 como aquel que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin, e aplicándolle, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime dos funcionarios de carreira.

Pese a que tanto o seu nomeamento como o seu cesamento son libres, o acceso á función pública conforme aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, a necesaria aplicación a todo o persoal ao servizo de calquera administración pública dos principios de obxectividade e eficacia administrativa, así como a súa retribución con fondos públicos, aconsellan que o nomeamento deste persoal deba recaer sobre persoas que reúnan unha mínima formación e/ou traxectoria profesional.

Por outra parte, tanto o Estatuto básico do empregado público, como a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e a Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establecen obrigas de publicidade activa do persoal ao servizo das administracións públicas, que xustifican que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno sobre o currículo académico e profesional de cada un dos membros de persoal de confianza ou asesoramento especial existentes no Concello de Cambre.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta que o nomeamento de persoal eventual é libre, e non está sometido a unha valoración previa dun currículo académico ou profesional, como pode ocorrer cos funcionarios de carreira ou interinos, no caso de optar polo sistema de concurso-oposición.

Por iso, en cada un dos expedientes dos tres funcionarios eventuais que hoxe en día prestan servizo en Cambre, non hai, nin ten que haber, currículo académico ou profesional, ningún, constando sinxelamente a acreditación de tenza da titulación académica esixida para o subgrupo C-2, á que están adscritos segundo a relación de postos de traballo hoxe en vigor, e que non é outra que a de graduado de educación secundaria obrigatoria, ou equivalente ou superior, e que ostenta tanto o secretario de Obras e Servizos, co título de mestre industrial de formación profesional; como a secretaria de Benestar Social, co título de técnico especialista da rama administrativa de formación profesional; como a asesora de Alcaldía, graduado escolar e formación profesional de grao I, o que é suficiente para prestar as funcións de confianza e apoio non reservadas a funcionarios de carreira, e que non impliquen actividade ordinaria de xestión ou de carácter técnico, ás que están destinados eses postos eventuais. Así o establece o artigo 29.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

Por outra parte, se a titulación académica esixida para o desempeño dos ditos postos eventuais se ostenta, e se os nomeados para eses postos están levando a cabo perfectamente as ditas funcións de confianza e apoio, preguntar ou saber sobre o seu currículo profesional é intranscendente e carece de todo interese público, cando, ademais, tales datos forman parte do dereito á protección de datos de carácter persoal, cuxa información non teñen por que dar, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, e co artigo 15 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. Cando ademais, tales datos, como xa se dixo, non se atopan no expediente administrativo de cada un deses eventuais.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/133 o día 22 de maio de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Recentemente estamos asistindo á polémica sobre a normativa das instalacións recreativas e de lecer nos espazos públicos e privados. Os desgraciados accidentes ocorridos nos últimos tempos, como consecuencia das posibles faltas de seguridade dos chamados castelos inchables, que están suxeitos ao cumprimento dunhas directrices de seguridade que marca a normativa europea, debendo pasar inspeccións periódicas para garantir a seguridade na súa montaxe e uso.

Tendo en conta que a competencia de inspección deste tipo de instalacións é responsabilidade dos concellos.

O noso grupo pregunta sobre que tipo de inspeccións técnicas se teñen realizado polo persoal competente do concello en relación cos aparellos montados no Parque da Igrexa no mes pasado, e nos faciliten os informes sobre as medidas de seguridade a aplicar, como a ancoraxe dos aparellos, a manipulación e conexións eléctricas, distancias, etc.

Don Juan González Leiros, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que lles van facilitar os informes, máis unha relación de todos eles, tanto os de contido legal como os de tramitación administrativa, que os técnicos municipais fan en cada actuación deste tipo. Darlle aquí os datos levaríalles media hora, así que vanlle trasladar os informes a ACdC-SON e ao resto dos grupos políticos, e despois poden velo e analizalo noutro momento.

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2ª Actualmente estamos sufrindo unha nova praga chamada "*cydalima perspectalis*", coñecida tamén como "couza asiática". Esta eiruga vén de introducirse na península e máis concretamente na zona norte, afectando á vexetación da planta do buxo na nosa comarca, reserva da biosfera. Por este motivo, algúns concellos do noso ámbito xa teñen actuado contra esta praga.

Poden informarnos das medidas tomadas polo Goberno en relación co problema descrito?

Don Juan González Leiros, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que o que se fixo foi un labor de prevención sobre as sebes municipais, e iso en principio evitou que a praga se propagase. En Sada está propagándose, en Cambre non detectaron nada, agás algún particular, pero é verdade que hai que actuar sobre iso.

En todo caso, di que as medidas corresponden aos particulares no que é o ámbito particular, e evidentemente á administración naquelas sebes que lle corresponden a ela. Estarán atentos a calquera caída de folla, porque se alguén ten nas sebes, sobre todo nos buxos caída de follas, non é que caian, é que as está comendo o bicho.

Conclúe dicindo que ao mellor tamén a nivel informativo poden facer algunha referencia na páxina web, ou colgada nas redes sociais, sobre como se pode tratar e cales son os métodos de tratamento.

O señor alcalde considera que esa é unha boa medida.

3ª Poden informarnos da situación do proxecto da nova Casa da Cultura e auditorio no centro de Cambre, e da situación de titularidade dos terreos para a súa construción?

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que a primeira pregunta xa quedou contestada nun punto anterior, a Deputación está agardando de novo o proxecto. En canto á segunda pregunta, pregúntalle ao concelleiro de Asemblea se ten algunha mínima dúbida de que os terreos poidan ser públicos, porque o proxecto non tería sido aceptado na Deputación se os terreos non tiveran titularidade pública.

Son públicos, o afirman e confirman, a pesar de que, ás veces, haxa a tentación de dicir que aínda iso non se consolidou. O terreo está consolidado. Como sempre está aberto a calquera acción xudicial posterior, pero está consolidado.

Pregunta de C's presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/132 o día 22 de maio de 2017.

Única. Ten dado traslado o Goberno á administración competente referencia do acordo adoptado por esta Corporación no último pleno ordinario do mes de abril, respecto da construcción de beirarrúas na marxe esquerda da DP-1706 entre O Temple e o centro do concello?

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que si.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente — A secretaria xeral

Óscar A. García Patiño — Mª Luisa de la Red Ampudia

FIRMADO POR María Luisa de la Red Ampudia (FECHA: 23/01/2018 00:00:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/01/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: 3bcC+ivMAAbmBzd837Db
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.